

Que é o *slam*?

O *slam* é un torneo onde diferentes poetas presentan os seus versos en épicos recitados baixo a atenta ollada dun xurado formado por cinco persoas seleccionadas ao chou entre o público.

A puntuación será de 0 a 10, con decimais. Desbótase a puntuación máis alta, así como a máis baixa. En caso de empate, decide o aplauso do público.

O formato do torneo está inspirado no boxeo. Faise por roldas, onde cada poeta ten tres minutos para ler o seu poema. Os poetas non se enfrontan directamente nin se responden o un ao outro.

Recitan os seus poemas e os tres que reciben as mellores notas do público, pasan á segunda rolda.

O *slam* é un tipo de recital que envolve o público e abre o micrófono a calquera persoa que escriba poesía, o fai que este formato sexa máis dinámico e entretido que os recitais tradicionais.

Polo tanto, un obradoiro de *slam* constaría de dúas partes: a creación do texto e a posta en escena.

Quen pode facer *slam*?

Calquera que sexa quen de crear un texto e recitalo.

O texto pode estar previamente escrito ou para aqueles máis afoutados, existiría a posibilidade de improvisalo.

Preparación para o *slam*. (2,5 h)

- Algunhas indicacións para preparar a voz. Exercicios de quecemento e trucos para proxectar a voz.
- Lectura de cada texto e análise da lectura: exemplos e consellos para realizar unha lectura interpretada.
- No *slam* pódense usar unicamente o corpo e a voz: explorar as diferentes posibilidades que nos ofrecen.
- Experimentar tamén coa música. Inserir os textos en colchóns musicais.